



## CONCELLO DE BARBADÁS

### BASES DO I CONCURSO DE DECORACIÓN DE BALCÓNS E VENTÁS NADAL 2019

#### **Artigo 1. Obxeto e participación**

Esta campaña ten como finalidade, amosar as obras anónimas de decoración que realizan os veciños/as do Concello, coincidindo coas datas de Nadal, en ningún momento ten finalidade comercial

Poderán participar todos os veciños/as do Concello de Barbadás, que teñan vivendas con balcóns e ventás que poidan ser decorados.

Para que o premio non quede deserto será imprescindible que exista un número mínimo de 10 participantes.

#### **Artigo 2. Valoración**

O tema a desenvolver xirará en torno ao ambiente do Nadal. Haberá total liberdade en canto á técnica e estilo. Valorarase

- A creatividade.
- A orixinalidade.
- A combinación de elementos e cores,
- A iluminación e composición.
- Motivos empregados para decorar.

#### **Artigo 3. Inscripcións**

Os impresos poderán obterse, no Concello de Barbadás, na Oficina Municipal de A Valenzá ou a través da páxina web do Concello ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es))

Os impresos debidamente cumprimentados presentaranse por rexistro, no Concello de Barbadás, na Oficina Municipal de A Valenzá, ou a través da Sede Electrónica dende o 25 de novembro ata o 13 de decembro de 2019 (ambos incluídos).





## **CONCELLO DE BARBADÁS**

Coa ficha de inscrición será preciso para formalizar a participación no concurso enviar unha foto do balcón ou ventá ó enderezo de correo electrónico [cet@barbadas.es](mailto:cet@barbadas.es) ata o día 13 de decembro de 2019 (incluído), facendo constar no asunto do correo electrónico PARTICIPACIÓN CONCURSO DE BALCÓNS E VENTÁS, así como o nome da persoa participante.

### **Artigo 4. Votacións**

Na web do Concello ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)) habilitarase un formulario onde as persoas interesadas poderán votar telemáticamente, entre os días 14 e 22 de decembro de 2019.

Unha vez se coñeza o/a gañador/a do concurso, comunicaráselle formalmente e ademáis publicarase na web do Concello ([www.barbadas.es](http://www.barbadas.es)).

### **Artigo 5. Premios**

Establécense os seguintes premios:

1º premio por importe de 100 €

2º premio por importe de 50 €

### **Artigo 6. Entrega de premios**

Será entregado o día 23 de decembro de 2019.

**A participación no concurso suporá o cumprimento e aceptación das presentes bases.**

**O Concello de Barbadás resérvase o dereito a realizar os cambios oportunos que poida considerar necesarios para o correcto funcionamento.**

